

## **INSTRUCCIÓNS PARA A ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **2.- Solicitudes e prazo de presentación.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa presentaranse no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 17 de febreiro de 2020 e rematará día 20 de febreiro de 2020, ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

### **3.- Documentación.**

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar unha fotocopia do DNI ou NIE.

A comprobación do empadramento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo Servizo de Orientación Laboral.

### **4.- Selección de participantes.**

A selección de participantes farase polo sistema de sorteo público, segundo o establecido nas bases xerais de participación nas accións promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, aprobadas polo Decreto de Alcaldía número 163 do 27 de febreiro de 2018. O sorteo público terá lugar o venres 21 de febreiro, ás 11.30h, no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son.

### **6.- Número de prazas.**

Esta acción formativa conta cun total de 15 prazas.

### **7.- Datas e Lugar de celebración do curso.**

O curso vaise celebrar o xoves día 27 de febreiro de 2020, en horario de 16.00h a 20.00h, nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.

### **8.- Contidos do curso.**

Entre outras, no curso abordaranse as seguintes cuestións:

- Os alimentos; seguridade e hixiene alimentaria.
- Obrigacións e prohibicións na manipulación de alimentos.
- Alteración e contaminación de alimentos.
- Enfermidades transmitidas por alimentos.
- Conservación de alimentos.
- Boas prácticas de hixiene e fabricación.
- Etc.

### **9.- Condicións de superación do curso.**

A obtención do carné de manipulador/a de alimentos require a asistencia a toda a xornada do curso.

Porto do Son, 13 de febreiro de 2020.